

As especies da subfamilia Melitaeinae (*Melitaea* e *Euphydryas*) presentan un aspecto moi similar, sendo algunhas especies de *Melitaea* de difícil identificación visual.


Melitaea: 8 especies en Galicia e 10 na península ibérica

Medianas, con envergadura media de 50 mm. Polo seu anverso, identifícanse dous grupos.

Grupo A: Anverso de cor laranxado intenso e uniforme, con manchas negras illadas e salferidas: *Melitaea ignasiti* e *Melitaea didyma*.

Grupo B: Anverso con debuxo axedrezado de diversos tons de laranxa, marrón e negro: *Melitaea cinxia*, *Melitaea phoebe*, *Melitaea diamina*, *Melitaea nevadensis*, *Melitaea parthenoides* e *Melitaea deione*.

Melitaea ignasiti




Grupo A

Melitaea didyma O reverso da á posterior presenta no bordo manchas negras redondeadas.

Melitaea ignasiti (ex trivía) O reverso da á posterior presenta no bordo manchas negras en forma triangular.

Melitaea phoebe



Melitaea cinxia



Melitaea diamina



Grupo B

Melitaea phoebe, a lúnula central da fila submarginal sobrepasa a fila e chega **completamente** ó bordo interno da seguinte fila.

Melitaea cinxia, o anverso da á posterior presenta unha ringleira de puntos negros sobre a banda postdiscal.

Melitaea diamina, anverso das ás con predominio do negro superior ó 60%. O reverso da á posterior, cor leonada na zona marxinal.

Melitaea parthenoides (anverso á anterior)

- Banda negra de separación da área marxinal á postdiscal, só se ensancha un pouco en S3.

- Lúnula marxinal en S3 non se mete moito na seguinte (+/- 20%) nin se fai fina a liña que as separa.

Melitaea deione (anverso á anterior)

- Banda negra de separación da área marxinal á postdiscal sen se facer grosa en S3.

- Lúnula marxinal en S3 non se mete moito na seguinte (+/- 30%) ni se fai fina a liña que as separa.

- Mancha formando un 8 perfectamente definido en base S1b (non en todos os exemplares)

Melitaea parthenoides



Melitaea deione



Melitaea nevadensis



Melitaea nevadensis (ex athalia, ex celadussa)


Anverso á anterior:

Banda negra de separación da área marxinal á postdiscal, grosa en S3.

Lúnula marxinal en S3 métese moito na seguinte (30-50%)

Issoria e Euphydryas: cadansúa especie en Galicia, 1 e 2 na península ibérica

Euphydryas aurinia



Banda marxinal laranxa da á posterior con punteado ó longo da mesma, tanto no reverso coma no anverso. Combina varios tons de ocre nas ás.

Issoria lathonia



Reverso das ás posteriores con lúnulas prateadas que a fan inconfundible. (montaxe fotográfica amosando anverso e reverso)

